



EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. Programación didáctica, curso 2020/2021

INDICE	02
1.- Introducción e contextualización.....	03
2.- Competencias clave.....	03
2.1. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.....	0.3
2.2. Concreción por curso dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	04
1º ESO.....	05
3º ESO.....	18
4º ESO.....	25
3.- Obxectivos didácticos.....	32
3.1.Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.....	32
3.2.Obxectivos específicos da área na ESO.....	33
1º ESO.....	33
2º ESO.....	34
3º ESO.....	34
4º ESO.....	35
4.- Temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, grao mínimo de consecución destes e procedementos e instrumentos de avaliación para cada curso	36
4.1. 1º ESO.....	36
4.2. 3º ESO.....	46
4.3. 4º ESO.....	51
5.- Concrecións metodolóxicas da materia.....	54
5.1. Principios metodolóxicos xerais.....	54
5.2. Didáctica de aspectos disciplinares concretos.....	54
5.3. Estratexias metodolóxicas.....	55
6.- Materiais e recursos didácticos.....	55
7.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	55
7.1. Criterios de avaliación 1º de ESO.....	56
7.2. Criterios de avaliación 3º de ESO.....	57
7.3. Criterios de avaliación 4º de ESO.....	57
7.4. Criterios de cualificación e promoción na ESO.....	58
8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	59
8.1 Concreción dos indicadores.....	59
9.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes.....	60
10.- Deseño da avaliación inicial, e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	60
11.- Medidas de atención á diversidade.....	61
12.- Os elementos transversais.....	61
13.- Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento.....	62

14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en relación cos Resultados académicos e procesos de mellora.....	62
ADDENDAS: Adaptacións ao contexto COVID / ESO.....	63

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Comarca do Deza, con capital en Lalín (cuns 12 000 habitantes) e rodeada doutras pequenas poboacións, como Vilatuxe, Prado, Dozón ou Agolada, presenta dous centros de Ensino Secundario (un privado-concertado, O Sagrado Corazón) e de Ensino Postobrigatorio, de carácter público, o IES Ramón María Aller Ulloa e o IES Laxeiro, situados no casco urbano de Lalín.

O IES Laxeiro é un centro educativo cunha variada oferta educativa, para dar saída a unha ampla gama de saídas profesionais e unha preparación para estudos superiores: ESO, Bacharelato (Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e CC SS), ESA e Bacharelato para Adultos, tamén ciclos formativos medios (Xestión Administrativa, Electromecánica de Vehículos e Instalacións Eléctricas Automáticas) e superiores (Mantemento de Equipos Industriais e Administración e Finanzas) así como P.C.P.I., FP Básica e Programa de Diversificación Curricular (4º ESO).

O alumnado que chega ao IES Laxeiro é de procedencia maioritariamente rural, excepto aquel que reside en Lalín capital. Os colexios que están adscritos son: CPI Manuel Rivero en Lalín, CPI Xoaquín Loriga en Prado, CPI de Dozón, CPI Vilatuxe.

2.- COMPETENCIAS CLAVE

2.1 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A competencia artística e cultural adquirese fundamentalmente a través da área de educación plástica e visual, estando presente ao longo de todo o currículo. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do patrimonio cultural e do alleo. Contribúese tamén a acadar esta competencia cando se experimenta e investiga con distintas técnicas plásticas e visuais para expresarse a través da imaxe.

A educación plástica e visual colabora na adquisición de autonomía e iniciativa persoal dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto. Incide estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa o alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. Na medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírase á adquisición de habilidades sociais. Dentro desta competencia, trataremos de relacionarnos con outros centros educativos, doutros entornos sociais. Planeamos colaborar estreitamente con centros de ensino europeos para intercambiar información, opinións, materiais, e incluso co fin de realizar un intercambio.

A reflexión sobre os procesos e experimentación creativa contribúe a favorecer a competencia de aprender a aprender que implica a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao contorno audiovisual e multimedia, expresa o papel que se outorga a esta materia na adquisición da competencia no

tratamento da información e, en particular, a que achega o mundo das imaxes. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón un recurso válido para a produción de creacións visuais, senón que pola súa vez, colabora na adquisición da competencia dixital. Trataremos de utilizar a internet, algún programa informático, o email e diversas plataformas que lle permitan a alumnado e profesorado entrar en contacto con outros centros educativos.

A educación plástica e visual contribúe á adquisición da competencia no coñecemento e a interacción no mundo físico mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise. Así mesmo introduce valores de sustentabilidade e reciclaxe en canto ás boas prácticas na utilización de materiais para a creación de obras. Analizaremos tanto o entorno social como o físico para a creación de obras que impliquen a reflexión e a análise.

Esta área contribúe á adquisición da competencia matemática desenvolvendo a linguaxe simbólica e profundando no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación do espacio.

Esta área tamén enriquece a capacidade comunicativa, xa que permite a expresión de ideas, sentimentos e emocións integrando a linguaxe plástica e visual con outras imaxes.

2.2. CONCRECIÓN POR CURSO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DESTES.

1º ESO

	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES	COMP CHAVE
BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA: IMAXE E COMUNICACIÓN VISUAL	<p>1.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe aplicando os coñecementos perceptivos.</p> <p>2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas analizando as causas polas que se producen. 2.2 Deseña ilusións ópticas.</p> <p>3.1. Diferencia entre imaxes figurativas e abstractas, recoñecendo distintos graos de iconicidade.</p> <p>3.2. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade.</p> <p>4.1. Crea imaxes distinguindo entre significativo e significado.</p> <p>5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en distintos actos de comunicación visual.</p> <p>6.1. Distingue a función ou funcións que predominan en diferentes mensaxes visuais e audiovisuais.</p> <p>7.1. Analiza unha imaxe,</p>	<p>1. Le unha imaxe a aplica os coñecementos adquiridos.</p> <p>2. Amosa interese polas ilusións ópticas e deseña algunha simple.</p> <p>3. Recoñece e diferencia cando unha imaxe é figurativa e abstracta, sendo capaz de crear novas imaxes de ambas castes.</p> <p>4. Crea imaxes diferenciando significativo e significado.</p> <p>5. Identifica os elementos que interveñen na comunicación visual.</p> <p>6. Distingue entre linguaxe visual e audiovisual.</p> <p>7. Distingue entre lectura</p>	<p>CCL CD CEC</p> <p>CCL CMCT CD SIEP</p> <p>CCL CAA</p> <p>CCL CAA</p> <p>CCL CSEC CEC</p>

	mediante unha lectura subxectiva, interpretando o seu significado, sacando conclusións e reflexionando criticamente sobre ela.	subxectiva e obxectiva e interpreta o significado.	CCL CSEC CEC CCL CSEC CAA SIEP
BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA: EXPRESAR	<p>1.1. Identifica e valora a importancia dos elementos configuradores para a análise e a produción de imaxes.</p> <p>2.1. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto de forma libre e espontánea, explorando distintas posibilidades.</p> <p>3.1. Crea texturas visuais e táctiles.</p> <p>4.1. Experimenta con cores primarias e secundarias empregando a síntese aditiva e a subtractiva e as cores complementarias.</p> <p>5.1. Crea imaxes figurativas e abstractas, diferenciándoas e comprendendo distintos graos de iconicidade.</p> <p>6.1. Aplica a imaxinación e a creatividade nas súas creacións.</p> <p>7.1. Experimenta con diferentes técnicas e recursos valorando as posibilidades expresivas dos elementos configuradores da imaxe para expresar sensacións e emocións.</p>	<p>1. Identifica os elementos configuradores das imaxes.</p> <p>2.- Experimenta a expresión dos diversos elementos de creación da imaxe</p> <p>3- Crea texturas.</p> <p>4.- Crea actividades usando cores primarias e secundarias utilizando a substracción e as cores complementarias.</p> <p>5.- Diferencia figuración e abstracción.</p> <p>6.- É creativo ou creativa.</p> <p>7.- Utiliza diferentes técnicas e recursos.</p>	<p>CCL</p> <p>CCL, CMCT, CD, CSIEE</p> <p>CCL, CAA</p> <p>CCL, CMCT, CAA</p> <p>CCL, CSC, CCEC</p> <p>CCL, CSIEE</p> <p>CCL, CSC, CSIEE, CCEC</p>
BLOQUE 2: DEBUXO TÉCNICO XEOMETRÍA, NATUREZA E ARTE	<p>1.1. Observa e analiza liñas, formas e composicións visuais do medio natural e cultural, tomándoos como inspiración das súas propias creacións.</p> <p>2.1. Utiliza o xogo de regras e o compás con suficiente precisión.</p>	<p>1. Utiliza as liñas e formas do entorno na súas creacións</p> <p>2. Utiliza as regras e compás axeitadamente.</p>	<p>CCL, CMCT, CCEC</p> <p>CCL, CMCT</p>

	<p>3.1. Traza distintos tipos de rectas, arcos e circunferencias analizando como se define un plano.</p> <p>4.1. Comprende o concepto de lugar xeométrico: paralelismo, perpendicularidade, circunferencia. 4.2. Realiza operacións con segmentos e ángulos, trazando a mediatriz dun segmento e a bisectriz dun ángulo.</p> <p>5.1. Clasifica polígonos de 3 a 5 lados, identificando os seus elementos e diferenciando se é regular ou irregular. 5.2. Constrúe distintos triángulos coñecendo algúns dos seus datos. 5.3. Constrúe cuadriláteros e paralelogramos coñecendo algúns dos seus datos. 5.4. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata 6 lados inscritos nunha circunferencia e coñecendo o lado.</p> <p>6.1. Executa correctamente tanxencias entre circunferencias e con rectas.</p> <p>7.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.</p> <p>8.1. Recoñece nos símbolos culturais patróns xeométricos e esquemas compositivos que analiza e aplica á representación gráfica do coñecemento. 8.2. Crea experimentando diferentes composicións estruturadas xeometricamente</p>	<p>3.- Traza rectas, arcos e circunferencias.</p> <p>4 Realiza paralelas e perpendiculares, operacións con segmentos e ángulos. Traza unha bisectriz e unha mediatriz.</p> <p>5 Traza distintos polígonos regulares e irregulares. Constrúe cuadriláteros.</p> <p>6 Traza tanxencias</p> <p>7.Realiza deseños simples mediante módulos.</p>	<p>CCL, CMCT, CD</p> <p>CCL, CMCT, CD</p> <p>CCL, CMCT, CD</p> <p>CCL, CMCT, CD</p> <p>CCL, CMCT, CD</p> <p>CCL, CMCT, CD</p>
--	--	---	---

	con significados simbólicos que poden ter aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	8.Crea composicións estruturadas xeométricamente.	CCL, CMCT, CSC, CSIEE CCEC
--	---	---	-------------------------------

<p>BLOQUE 2: DEBUXO TÉCNICO:</p>	<p>1.1. Realiza debuxos e deseños adecuándose ao formato e tendo en conta a</p>	<p>1. Realiza actividades adecuadas ao formato, tendo en conta as dimensións</p>	<p>CCL, CMCT, CCEC</p>
<p>MEDIDA, PROPORCIÓN E ESCALA</p>	<p>dimensión e o tamaño. 1.2. Identifica e analiza os conceptos de proporción e de escala en obras de arte e obxectos do arredor.</p> <p>2.1. Divide un segmento en partes iguais e escala formas planas aplicando o teorema de Thales.</p> <p>3.1. Representa obxectos illados ou agrupados proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu arredor. 3.2. Realiza composicións diferenciando as relacións de proporción, igualdade e semellanza.</p> <p>4.1. Comprende de xeito crítico a relación entre os conceptos de proporción, canon e estética.</p> <p>5.1. Constrúe correctamente espirais.</p> <p>6.1. Aplica e recoñece a ergonómia no deseño e utiliza escalas adecuadas.</p> <p>7.1. Coñece e aplica métodos e procesos creativos para a elaboración de produtos de deseño. 7.2. Analiza, identifica e aplica valores estéticos e funcionais en deseño, valorando criticamente as modas e os estilos.</p>	<p>1.2. Dase conta da escala nos obxectos que o rodean.</p> <p>2. Divide un segmento en partes iguais por Thales.</p> <p>3. Realiza composicións tendo en conta a proporción, igualdade e semellanza.</p> <p>4. Relacionas os conceptos de proporción, canon e estética</p> <p>5. Constrúe espirais.</p> <p>6. Trata de adecuar a escala ao deseño .</p> <p>7. É creativo na elaboración de deseños propios, aplicando valores funcionais.</p>	<p>CCL, CMCT, CCEC</p> <p>CCL, CMCT</p> <p>CCL, CMCT, CAA</p> <p>CCL, CMCT, CAA</p> <p>CCL, CCEC</p> <p>CCL, CMCT, CD</p> <p>CSC, CSIEE</p>

<p>BLOQUE 2: DEBUXO TÉCNICO</p> <p>DESEÑO</p>	<p>1.1. Analiza e crea composicións volumétricas a partir do plano.</p> <p>2.1. Coñece e clasifica corpos xeométricos recoñecendo as formas poligonais de base das figuras.</p> <p>2.2. Coñece o desenvolvemento de corpos xeométricos sinxelos aplicándoo na construción de figuras tridimensionais e no deseño de embalaxes.</p> <p>3.1. Coñece e aplica métodos e procesos creativos para o deseño de obxectos.</p> <p>3.2. Analiza, identifica e</p>	<p>1. Crea composicións a partir do plano.</p> <p>2. Recoñece os corpos xeométricos a partir de formas poligonais básicas., así como o seu desenvolvemento para a realización de deseño de embalaxes.</p> <p>3. É creativo no deseño de obxectos. Valora e utiliza a eco-</p>	<p>CCL, CMCT, CAA</p> <p>CCL, CMCT, CD, CCEC</p> <p>CCL, CMCT, CD, CCEC</p>
	<p>aplica valores estéticos e funcionais no deseño.</p> <p>3.3. Analiza, identifica e realiza deseños aplicando criterios de sostibilidade e ecoeficiencia.</p> <p>4.1. Analiza e executa deseños aplicando composicións modulares ao estudo da organización do plano e do espazo.</p> <p>5.1. Representa obxectos de xeito obxectivo utilizando os instrumentos de debuxo e aplicando as normas estandarizadas de representación.</p> <p>6.1. Coñece e comprende distintos sistemas de proxección.</p> <p>6.2. Visualiza e identifica as proxeccións de formas tridimensionais polas súas vistas principais.</p> <p>6.3. Debuxa as vistas principais de volumes frecuentes.</p> <p>7.1. Coñece fundamentos para a construción de perspectivas.</p>	<p>eficiencia e a sostibilidade nos deseños.</p> <p>4. Fai deseños aplicando composicións modulares.</p> <p>6.Utiliza os instrumentos de debuxo e as normas estandarizadas de representación. Coñece e aplica os sistemas de proxección. Debuxa e interpreta as vistas principais de volumes sinxelos.</p>	<p>CCL, CSC, CSIEE, CCEC</p> <p>CMCT, CAA</p> <p>CCL, CMCT</p>

	7.2. Realiza volumes elementais de perspectivas isométricas e cabaleira.	7.Coñece a perspectiva isométrica e é capaz de realizar volumes elementais nela.	CCL, CMCT
--	--	--	-----------

BLOQUE 2: DEBUXO TÉCNICO ESPAZO, LUZ E VOLUME	1.1. Recoñece códigos visuais connotativos e denotativos nas representacións do espazo e do territorio.	1. Recoñece códigos visuais nas representacións do espazo e do territorio.	CCL, CCEC
	1.2. Realiza a lectura obxectiva e subxectiva de imaxes referidas ao espazo e ao territorio, identificando os elementos de significación narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	1b. Identifica os elementos narrativos e as ferramentas utilizadas para interpretar unha imaxe.	CCL, CCEC
	2.1. Coñece obras e artistas da arte de camiñar, valorándoas como formas artísticas. 2.2. Interpreta de xeito persoal o espazo e o territorio, analizando a organización do plano e o espazo e gozando da contemplación da paisaxe e de obras de arte deste xénero.	2.Valora a paisaxe do entorno e coñece algúns artistas paisaxistas. Fai interpretación da paisaxe da contorna e de obras de arte.	CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
	3.1. Analiza necesidades de intervención dos espazos.		CCL, CMCT, CSC, CSIEE

	<p>3.2. Crea espazos, efémeros ou non, axustándose a distintas funcións e intencións.</p> <p>4.1. Coñece e diferencia elementos arquitectónicos. 4.2. Valora as achegas tecnolóxicas dixitais na representación e no deseño do espazo.</p> <p>5.1. Identifica e aplica luces e sombras, recoñecendo as propiedades da luz e os tipos de sombras para crear sensacións espaciais e volumétricas, para destacar relevos e texturas. 5.2. Valora a importancia da luz como elemento construtor da imaxe, con valor simbólico e expresivo, e aplicación nas súas creacións.</p> <p>6.1. Utiliza o claroscuro para crear a representación de volumes e de espazos.</p> <p>7.1. Identifica e recoñece a utilización da luz e o volume nos distintos estilos e tendencias na historia da arte, valorando o patrimonio como fonte de aprendizaxe.</p>	<p>3. Crea espazos nos que intervéñ.</p> <p>4. Coñece elementos arquitectónicos.</p> <p>5.Recoñece e utiliza luces e sombras para a definición de espazos.</p> <p>Valora a importancia da luz con valor expresivo.</p> <p>6.Utiliza o claroscuro para crear a idea de espazo e volume.</p> <p>7. Identifica e valora a utilización da luz nas obras artísticas.</p>	<p>CCL, CAA, CSIEE, CCEC</p> <p>CCL, CAA CCL,</p> <p>CD, CCEC</p> <p>CCL, CAA CCL,</p> <p>CCL, CAA CCL,</p>
--	---	---	---

BLOQUE 3: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DESEÑO GRÁFICO E PUBLICITARIO	1.1. Coñece os fundamentos e os elementos da sintaxe visual e aplícaos cunha intención comunicativa, seleccionando o formato, a orientación e o encadramento máis adecuados.	1. Coñece os fundamentos da sintaxe visual e aplícaos nas seus traballos de creación.	CCL, CAA
	1.2. Analiza e aplica regras e esquemas compositivos atendendo aos conceptos de tensión, equilibrio e peso visual.		CCL, CAA
	2.1. Crea produtos de deseño gráfico e publicitario utilizando distintas técnicas e procesos creativos, valorándoos de modo reflexivo e crítico.	2. Crea deseños gráficos e publicitarios con distintas técnicas e posibilidades expresivas.	CCL, CMCT, CD, CSIEE, CSC
	2.2. Experimenta con distintas técnicas valorando as posibilidades expresivas de cada unha delas.		CCL, CMCT, CD, CSIEE, CSC
	3.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen na comunicación visual e audiovisual, recoñecendo os		CCL, CSC, CCEC
	3. Identifica signficante e significado e realiza a lectura		CCL, CSC, CCEC

	<p>aspectos denotativo e connotativo.</p> <p>3.2. Realiza a lectura obxectiva e subxectiva dunha imaxe, distinguindo entre significante e significado.</p> <p>4.1. Comprende e utiliza a metáfora como recurso para deseñar mensaxes visuais, analizando narrativa e imaxe en relación coa mensaxe.</p> <p>4.2. Distingue e diseña símbolos e iconas.</p> <p>5.1. Distingue diferentes funcións nas mensaxes visuais, analizando estratexias e recursos de xeito crítico.</p> <p>5.2. Diseña mensaxes visuais con diferentes funcións, seguindo as distintas fases do proceso creativo de xeito eficaz.</p> <p>6.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.</p> <p>6.2. Analiza e elabora elementos comunicativos propios da publicidade, como a identidade corporativa, o uso da tipografía ou Do cartel.</p> <p>7.1. Analiza e proxecta produtos publicitarios con actitude crítica e responsable.</p> <p>8.1. Coñece obras visuais e audiovisuais de distintos estilos e tendencias situándoas no seu contexto.</p>	<p>obxectiva e subxectiva dunha imaxe fixa ou en movemento.</p> <p>4. Diseña símbolos e iconas.</p> <p>6.Diferenza as funcións na comunicación e crea produtos con distintas intencións.</p> <p>6. Analiza e elabora elementos comunicativos propios da publicidade, como a identidade corporativa, o uso da tipografía ou do cartel.</p> <p>7. Analiza e proxecta produtos publicitarios con actitude crítica e responsable.</p> <p>8. Coñece obras visuais e audiovisuais de distintos estilos</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p> <p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p> <p>CCL, CSIEE</p> <p>CCL, CSIEE</p> <p>CCL, CD, CSIEE, CSC, CCEC</p> <p>CCL, CD, CSIEE, CSC, CCEC</p> <p>CCL, CD, CSIEE, CSC, CCEC</p> <p>CCL, CD, CCEC</p>
--	---	--	---

<p>BLOQUE 3: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL</p> <p>FOTOGRAFÍA</p>	<p>1.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe fotográfica, identificando, clasificando e describindo os seus elementos.</p> <p>1.2. Analiza unha imaxe fotográfica mediante unha lectura subxectiva, sacando conclusións e interpretando o seu significado.</p> <p>2.1. Crea composicións e obras fotográficas aplicando procesos creativos.</p> <p>3.1. Identifica distintos encadramentos, tipos de plano e puntos de vista nunha fotografía.</p> <p>3.2. Realiza fotografías aplicando coñecementos</p>	<p>1. Analiza unha fotografía identificando os seus elementos fundamentais. Realiza unha lectura subxectiva, con conclusións.</p> <p>2.Crea composicións fotográficas.</p> <p>3.Realiza fotografías utilizando distintos recursos, puntos de vista e leis compositivas.</p>	<p>CCL, CCEC</p> <p>CCL, CCEC</p> <p>CCL, CD, CSIEE</p> <p>CCL, CMCT, CD</p> <p>CCL, CMCT, CD</p> <p>CCL, CAA, CCEC</p>
	<p>técnicos (apertura e velocidade de obturación) e leis compositivas.</p> <p>4.1. Distingue a función e as intencións que predominan nas imaxes fotográficas.</p> <p>5.1. Crea imaxes referidas á expresión do espazo e á profundidade.</p> <p>6.1. Diferencia distintos tipos de proxeccións e elementos da perspectiva.</p> <p>6.2. Comprende e aplica o concepto de proxección ao debuxo de volumes sinxelos.</p>	<p>4.Diferencia as intencións e funcións nunha imaxe.</p> <p>5.Crea imaxes con distintas profundidades</p> <p>6.Comprende e aplica as proxeccións no debuxo.</p>	<p>CCL, CMCT, CD</p> <p>CCL, CMCT, CAA</p> <p>CCL, CMCT, CAA</p>

BLOQUE 3: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL IMAXE EN MOVEMENTO	1.1. Analiza e explora as posibilidades expresivas das narracións visuais para compartir experiencias e ideas.	1.Explora as posibilidades expresivas da imaxe en movemento e comparte experiencias.	CCL, CD, CCEC
	2.1. Identifica e analiza diferentes funcións nas imaxes, nas narrativas visuais e nas mensaxes audiovisuais.	2. Diferenza as funcións nas imaxes narrativas e reflexiona sobre as mensaxes.	CCL, CD, CSC
	2.2. Analiza de xeito crítico as mensaxes visuais e audiovisuais no seu contexto.		CCL, CD, CSC
	3.1. Comprende e emprega os diferentes niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	3.Distingue e emprega a iconicidade da imaxe gráfica. Fai bosquejos e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE
	4.1. Identifica diferentes recursos gráficos e utilízalos ao deseñar mensaxes de linguaxes visuais e audiovisuais.	4Aplica recursos gráficos e técnicos propios da linguaxe audiovisual e visual.	CCL, CMCT, CD, CSIEE, CCEC
	4.2. Deseña narrativas gráficas utilizando de xeito adecuado viñetas e tarxetas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.		CCL, CMCT, CD, CSIEE, CCEC
	4.3. Coñece e aplica recursos técnicos en produtos audiovisuais, utilizando distintos tipos de planos, movementos de cámara e efectos especiais.		CCL, CMCT, CD, CSIEE, CCEC CCL, CAA, CSC
	5.1. Coñece e utiliza distintas fases no proceso de creación.		CCL, CAA, CSC
	5.2. Reflexiona e avalía o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a	5. Traballa seguindo as distintas fases do proceso creativo.	CCL, CD, CCEC CCL, CD, CCEC
			CCL, CD, CAA, CSIEE

	execución definitiva. 6.1. Diferencia distintos estilos e tendencias nas creacións de mensaxes visuais e audiovisuais. 6.2. Valora e respecta, gozando da diversidade do patrimonio artístico e cultural. 7.1. Elabora documentos e crea obras visuais e multimedia empregando ferramentas dixitais de xeito adecuado.	6. Recoñece distintos estilos de mensaxes visuais e audiovisuais. Valora o patrimonio artístico e cultural. 7.Crea obras visuais e multimedia sinxelas empregando as TICs	
--	---	--	--

3º ESO

UNIDADE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES	COMCAVE
UNIDADE 1: PERCEPCIÓN E LECTURA DE IMAXES	-Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	Aplica coñecementos dos procesos perceptivos	CAA
	-Identifica e clasifica ilusiones ópticas segundo as leis da Gestalt.	Identifica as ilusiones ópticas segundo as leis da Gestalt	CSC
	-Deseña ilusiones ópticas baseándose nas leis da Gestalt	Deseña ilusiones ópticas	CCEC
	-Distingue significativa e significado nun signo visual.	Distingue significativa e significado nun signo visual	CCEC
	-Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	Identifica e describe os elementos dunha imaxe	CCL
	-Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións	Analiza unha imaxe mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación	CCL CCEC

<p>UNIDADE 2: LINGUAXE AUDIO VISUAL</p>	<p>-Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos</p> <p>-Identifica encadramentos</p>	<p>Elabora unha animación</p> <p>Identifica encadramentos</p>	<p>CD</p> <p>CCL</p>

	<p>e puntos de vista nunha fotografía.</p> <p>-Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.</p> <p>-Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.</p> <p>-Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.</p> <p>-Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.</p> <p>-Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.</p> <p>-Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.</p>	<p>Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista</p> <p>Deseña, en equipo, mensaxes visuais, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso e elabora criticamente o resultado</p> <p>Identifica os recursos visuais na publicidade</p> <p>Deseña unha mensaxe publicitaria</p> <p>Reflexiona ao ver unha película e analízala en relación a súa mensaxe</p> <p>Elabora un proxecto multimedia cun tema empregando os recursos dixitais adecuadamente.</p>	<p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
--	---	--	--

UNIDADE 3: O PROCESO CREATIVO	-Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	Crea composicións sinxelas axustándose aos obxectivos finais	CAA
	-Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	Coñece e aplica métodos creativos na realización de deseños.	CSIEE
	-Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva	Reflexiona sobre o proceso creativo, dende a idea inicial ata a definitiva.	CSIEE
	-Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando	Elabora bosquexos, apuntamentos e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos	CCEC

	bosquexos, apuntamentos e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.		
UNIDADE 4: A COR, LUZ E VOLUME	-Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas	Aplica as TIC para modificar a cor nas imaxes	CSIEE
	-Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas	Representa con claroscuro para dar a sensación de volume	CSC
	-Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	Realiza composicións abstractas expresando distintas sensacións polo uso da cor	CSIEE

UNIDADE 5: MATERIAIS E TÉCNICAS DO DEBUXO E A PINTURA	- Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	Utiliza as técnicas e aplicaas axeitadamente, adecuándoas ao obxectivo da actividade.	CCL
	- Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas	Utiliza o lapis grafito e de cores creando claroscuro en composicións, tanto en superficies homoxéneas como en degradadas.	CCEC
	- Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinxeis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas	Experimenta coas témperas, valorando as posibilidades expresivas.	CCEC
	- Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	Utiliza o papel como material de expresión.	CAA
	- Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos	Recorta papeis e compón traballos ilustrativos, decorativos ou comunicativos	CAA
	- Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas	Aproveita materiais de refugallo para crear obras persoais	CSIEE
	Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC	

	calidades gráfico-plásticas.		
	- Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.		CSC

UNIDADE 6: XEOMETRÍA PLANA. REDES MODULARES.	-Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc)	É capaz de explicar o que é mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc	CCL
	-Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular	Clasifica calquera polígono de 3 a 5 lados e identifica se é regular ou irregular.	CCA
	-Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	Constrúe polígonos regulares de 3 a 5 lados, dado o lado	
	-Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	Resolve tanxencias entre circunferencias.	CMCCT
	-Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	Resolve tanxencias entre circunferencias e rectas	CMCCT
	-Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	Constrúe o óvalo coñecendo o diámetro maior.	CA
	-Constrúe varios tipos de óvalos segundo os diámetros coñecidos.	Constrúe varios tipos de óvalos segundo os diámetros coñecidos.	CMCCT
	-Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	Constrúe espirais de varios centros.	CSIEE
-Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	Deseña mediante xiros e simetrías de módulos.	CMCCT	

			CD
UNIDADE 7: SISTEMA DIÉDRICO DE VISTAS	-Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	Debuxa as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	CMCCT

UNIDADE 8: AXONOMETRÍA. PERSPECTIVA CABALEIRA. PERSPECTIVA ISOMÉTRICA.	-Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando coeficientes de redución sinxelos.	CMCCT
	- Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	CCEC

4º ESO

BLOQUES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES	COMCAVE
1.- A EXPRESIÓN PLÁSTICA	EPVA B1.1.1 Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe visual	Realiza composicións artísticas sinxelas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe visual	.CCEC
	EPVAB1.2.1 Aplica as leis da composición creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e técnicas con precisión	Aplica as leis da composición creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e técnicas.	CCEC
	EPVAB1.2.1. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	Pode distinguir as liñas de movemo forza.	CCEC
	EPEVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	Cambia a cor dunha imaxe	CCEC
	EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	Coñece e elixe os materiais para a realización de proxectos artísticos.	CSIEE CCEC

	<p>EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficoplásticas, mantén os seu espazo de traballo e o seu material en prefecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p>	<p>Utiliza os materiais e procedementos necesarios para expresarse en relación linguaxes gráfico-plásticas, mantén os seu espazo de traballo e o seu material en aceptable estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p>	<p>CCEC CSIEE CAA CD</p>
	<p>EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo</p>	<p>Segue o proceso de creación artística e aplícao na produción de proxectos persoais e de grupo</p>	<p>CSIEE CCEC</p>
	<p>EPVAB1.5.1. Explica, utilizando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.</p>	<p>Explica o proceso de creación dunha obra artística. Decátase dos soportes, materiais e técnicas gráfico-plásticas dunha imaxe e percibe os seus elementos compositivos.</p>	<p>CSIEE CCEC</p>
	<p>EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.</p>	<p>Analiza e le imaxes de obras de arte</p>	<p>CSIEE CCEC</p>

BLOQUE 2: DEBUXO TÉCNICO	EPVAB2.1.1 Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptico	Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptico	CAA CMCCT
	EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utiliznado con precisión os materiais de debuxo técnico.	Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando os materiais de debuxo técnico, de modo aceptable.	CAA CMCCT
	EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces	Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces	CAA CMCCT
	EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	Resolve problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais sinxelos.	CAA CMCCT
	EPAVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais defindidas polas súas vistas principais.	Visualiza formas tridimensionais sinxelas defindidas polas súas vistas principais.	CAA CMCCT
	EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas	CAA CMCCT

	<p>EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.</p>	<p>Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando o sistema de representación máis axeitado.</p>	<p>CAA CMCCT</p>
	<p>EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblícuas, elixindo o punto de vista máis adecuado</p>	<p>Realiza perspectivas cónicas frontais e oblícuas</p>	<p>CAA CMCCT</p>
	<p>EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</p>	<p>Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</p>	<p>CAA CMCCT</p>

BLOQUE 3: FUNDAMENTOS DO DESEÑO	EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.	Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.	CSIEE CCEC
	EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	Observa os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal sinxela.	CCEC
	EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou rama do deseño.	Identifica obxectos da familia do deseño.	CSIEE CCEC
	EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	Realiza composicións de deseño modular con formas xeométricas básicas no plano.	CSIEE CCEC
	EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	Planifica imaxes corporativas dunha suposta empresa.	CSIEE CCEC
	EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciación na realización de calquera proxecto, así como a	Realiza composicións adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciación na realización de calquera proxecto, así como tenta ser exacto, ordenado e limpo nas	CSIEE CCEC

	<p>exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.</p> <p>EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus proxectos artísticos de deseño.</p> <p>EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización dos proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.</p>	<p>representacións gráficas.</p> <p>Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus proxectos artísticos de deseño</p> <p>Planifica <i>grosso modo</i> os pasos na realización dos proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.</p>	<p>CD CSIEE CCEC</p> <p>CSIEE CCEC</p>
--	--	---	--

BLOQUE 4: LINGUAXE AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA	EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	Recoñece os tipos de planificación nunha película	CD CSIEE CCEC
	EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película	Realiza un storyboard simple a modo de guión para a secuencia dunha película	CSIEE
	EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	Identifica os planos, angulación e movementos de cámara nunha película de cine.	CD CSIEE CCEC
	EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	Realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	CD CSIEE CCEC
	EPVAB4. 2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades	Compila imaxes de prensa e analiza basicamente as súas finalidades	CD CSIEE CCEC
	EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	CD CSIEE CCEC
	EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	Realiza un deseño publicitario sinxelo utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	CD CSIEE CCEC
	EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación	Realiza un proxecto persoal	CAA CD CSIEE CCEC
	EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	Analiza elementos publicitarios e recoñece os elementos que os compoñen. Avisa unha actitude crítica cara á publicidade.	CD CSSIE CCEC

3.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

3.1.- OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Principios xerais

1. A educación secundaria obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto, e constitúe, xunto coa educación primaria, a educación básica.
2. Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.
3. A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE E. PLÁSTICA VISUAL E A.

3.1.1 1º ESO:

- Analizar e criticar construtivamente as imaxes que nos rodean.
- Comunicarse con imaxes.
- Representar imaxes tanto reais coma imaxinadas utilizando a linguaxe visual.
- Crear aproveitando a capacidade expresiva dos elementos que conforman a imaxe.
- Establecer relacións e representar de xeito simbólico con formas xeométricas.
- Plasmar graficamente e de xeito estruturado pensamentos e ideas.
- Diferenciar entre dimensión, escala e proporción, recoñecendo nesta última valores relativos e, en moitos casos, culturais.
- Valorar a importancia das formas do deseño e a moda como atributos da personalidade.

- Desenvolver criterios estéticos propios e creatividade para realizar deseños orixinais.
- Levar a cabo un proceso de deseño funcional, reflexionando sobre as relacións co consumismo e a sostibilidade.
- Valorar as posibilidades da luz como definidora de formas e creadora de ambientes tanto físicos coma emocionais.
- Espertar a curiosidade cara ao descubrimento de formas novas tanto na cultura coma na paisaxe.
- Ser consciente das estratexias de comunicación para ser crítico e actuar libremente.
- Compoñer mensaxes cunha intención comunicativa aplicando os recursos da linguaxe visual ao deseño gráfico e á publicidade.
- Comprender as estratexias de construción das imaxes segundo o seu contexto e intención.
- Entender a importancia do punto de vista e da perspectiva como representación e percepción parcial do arredor, da configuración do espazo e mesmo da personalidade.
- Observar e reflexionar sobre imaxes e narracións visuais para desenvolver un espírito crítico.
- Expresar con diferentes recursos multimedia experiencias tanto reais coma imaxinarias.

3.1.2

3º ESO:

- Recoñecer a función da figura e do fondo nas imaxes
- Diferenciar os distintos códigos que empregan os medios de comunicación visual
- Crear imaxes con distintas finalidades e significados
- Entender, apreciar e analizar adecuadamente as mensaxes visuais presentes no medio.
- Recoñecer os fundamentos básicos da fotografía e da arte da cinematografía e apreciar os valores expresivos dunha creación fotográfica ou audiovisual
- Distinguir os formatos televisivos e adquirir un criterio persoal sobre as mensaxes contidas neles
- Valorar a influencia das novas tecnoloxías na emisión de mensaxes visuais
- Aplicar métodos para realizar composicións creativas individuais
- Realizar composicións graficoplásticas individuais e colectivas
- Estudar as imaxes da contorna e analízalas para crear obras, seguindo o proceso creativo de: apuntamento – bosquexo - debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.
- Aplicar distintos procedementos para realizar mesturas cromáticas
- Conseguir gamas cromáticas con distintos materiais realizando traballos creativos
- Recoñecer a harmonía cromática dunha obra artística e os seus valores expresivos
- Decatarse da simboloxía que adquire a cor nunha obra graficoplástica
- Elixir o tipo de luz máis idónea para unha representación plástica
- Representar o volume mediante xogos de luz e sombra
- Identificar o uso da luz nas obras de arte
- Aplicar distintos procedementos para realizar un debuxo ou pintura.

- Seleccionar a técnica máis idónea para a realización dunha determinada obra gráfico plástica
- Identificar a técnica empregada nunha obra non propia
- Analizar o xeito no que un artista emprega determinada técnica.
- Coñecer as técnicas do debuxo e a pintura e os materiais necesarios para o seu correcto uso.
- Apreciar a importancia do debuxo xeométrico na construción e no deseño
- Utilizar apropiadamente os instrumentos de debuxo técnico
- Identificar as formas xeométricas no seu medio natural e artificial □ Recoñecer e utilizar a influencia do debuxo técnico na arte e na literatura.
- Debuxar redes modulares simples ou compostas.
- Identificar o sistema de representación de diferentes formas e figuras
- Representar as vistas do alzado, perfil e planta dunha figura tridimensional.
- Identificar os sistemas de proxección utilizados na recreación tridimensional dun sólido.
- Representar en perspectiva cabaleira sólidos sinxelos.
- Representar en perspectiva isométrica sólidos sinxelos.

3.1.3

4º ESO:

1. Desenvolver a capacidade de observación e percepción como medio para comprender as estruturas formais que nos rodean, intentando distinguir representacións de posibles enganos visuais, ilusións ópticas e figuras ambiguas ou imposibles, indagando nas claves da representación da profundidade sobre soportes bidimensionais,
2. Potenciar a sensibilidade, a memoria visual, a imaxinación e a fantasía.
3. Amosar desinhibición participando nas actividades propostas e en certames de ámbito local, autonómico ou nacional.
4. Extraer solucións procedentes de diferentes culturas ou da Historia da Arte, analizando as variacións nas representacións e no deseño. Valorar positivamente as manifestacións propias do ámbito local e galego.
5. Coñecer e aplicar correctamente as diversas técnicas aprendidas ata aquí e desenvolver destrezas que amplíen a capacidade expresiva, por investigación, esforzo e afán de superación, facendo tamén uso das novas tecnoloxías.
6. Expresarse con creatividade a traveso de deseños de obxectos de utilidade, con personalismo expresivo, resultados orixinais, nos que haxa unha labor de investigación previa.
7. Analizar criticamente as imaxes gráfico- plásticas da publicidade, tanto na forma coma no seu significado e intencionalidade, estudiando o uso simbólico dos elementos utilizados.
8. Aplicar a linguaxe plástica e da imaxe a realizacións de guións desenvoltas a traveso dun cómic.
9. Facer uso dos hábitos de: observar, atender, ser precisos, pulcritude, reflexión, interiorización, análise, crítica e revisión do proceso de creación dunha obra, quen queira que sexa a súa autoría.
10. Apreciar o feito artístico como fonte de gozo estético e como parte integrante do seu patrimonio cultural, a través da visita a museos, fundacións, exposicións, no entorno e nas cidades próximas, contribuíndo activamente ao seu respecto, conservación e mellora.
11. Respetar e apreciar outros xeitos de creación distintos ao propio e ao dos modos dominantes do contorno, superando estereotipos e convencionalismos, e elaborar xuízos e criterios persoais que lles permitan actuar con autonomía e iniciativa, superando calquera tipo de

inhibición no uso da linguaxe visual e plástica, chegando a ser medio de comunicación e fonte de gozo persoal.

12. Empregar axeitadamente a terminoloxía específica, oral e gráfica, tanto para referirse aos útiles, formatos,técnicas, etc., como para a realización de comentarios, sen limitar a súa utilización ó ámbito da aula.

4.- TEMPORALIZACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN POR CURSO.

1º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AVALIACIÓNS			Procedemento e instrumento de avaliación.
	1ª	2ª	3ª	
1.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe aplicando os coñecementos perceptivos.		X	X	Observación directa na aula/ Caderno da profesora Rúbrica /Portfolio do alumno/a
2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas analizando as causas polas que se producen.		X		Observación directa na aula/ Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio do alumnado
2.2 Deseña ilusións ópticas.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
3.1. Diferencia entre imaxes figurativas e abstractas, recoñecendo distintos graos de iconicidade.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
3.2. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
4.1. Crea imaxes distinguindo entre significativo e significado.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en distintos actos de comunicación visual.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
6.1. Distingue a función ou funcións que predominan en diferentes mensaxes		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio

visuais e audiovisuais.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
7.1. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, interpretando o seu significado, sacando conclusións e reflexionando criticamente sobre ela.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
1.1. Identifica e valora a importancia dos elementos configuradores para a análise e a produción de imaxes.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
2.1. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto de forma libre e espontánea, explorando distintas posibilidades.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
3.1. Crea texturas visuais e táctiles.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
4.1. Experimenta con cores primarias e secundarias empregando a síntese aditiva e a subtractiva e as cores complementarias.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
5.1. Crea imaxes figurativas e abstractas, diferenciándoas e comprendendo distintos graos de iconicidade.				Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
6.1. Aplica a imaxinación e a creatividade nas súas creacións.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
7.1. Experimenta con diferentes técnicas e recursos valorando as posibilidades expresivas dos elementos configuradores da imaxe para expresar sensacións e emocións.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
1.1. Observa e analiza liñas, formas e composicións visuais do medio natural e cultural,				

tomándoos como inspiración das súas propias creacións.				
2.1. Utiliza o xogo de regras e o compás con suficiente precisión.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
3.1. Traza distintos tipos de rectas, arcos e circunferencias analizando como se define un plano.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
4.1. Comprende o concepto de lugar xeométrico: paralelismo, perpendicularidade, circunferencia.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
4.2. Realiza operacións con segmentos e ángulos, trazando a mediatriz dun segmento e a bisectriz dun ángulo.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
5.1. Clasifica polígonos de 3 a 5 lados, identificando os seus elementos e diferenciando se é regular ou irregular.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
5.2. Constrúe distintos triángulos coñecendo algúns dos seus datos.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
5.3. Constrúe cuadriláteros e paralelogramos coñecendo algúns dos seus datos.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
5.4. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata 6 lados inscritos nunha circunferencia e coñecendo o lado.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
6.1. Executa correctamente tanxencias entre circunferencias e con rectas.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
7.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
8.1. Recoñece nos símbolos culturais patróns xeométricos e	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio

esquemas compositivos que analiza e aplica á representación gráfica do coñecemento. 8.2. Crea experimentando diferentes composicións estruturadas xeometricamente con significados simbólicos que poden ter aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
1.1. Realiza debuxos e deseños adecuándose ao formato e tendo en conta a dimensión e o tamaño. 1.2. Identifica e analiza os conceptos de proporción e de escala en obras de arte e obxectos do arredor.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
2.1. Divide un segmento en partes iguais e escala formas planas aplicando o teorema de Thales.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
3.1. Representa obxectos illados ou agrupados proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu arredor. 3.2. Realiza composicións diferenciando as relacións de proporción, igualdade e semellanza.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
4.1. Comprende de xeito crítico a relación entre os conceptos de proporción, canon e estética. 5.1. Constrúe correctamente espirais.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
6.1. Aplica e reconece a ergonomía no deseño e utiliza escalas adecuadas.	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
7.1. Coñece e aplica métodos e procesos creativos para a elaboración de produtos de deseño.	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio

7.2. Analiza, identifica e aplica valores estéticos e funcionais en deseño, valorando criticamente		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
as modas e os estilos.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
1.1. Analiza e crea composicións volumétricas a partir do plano.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
2.1. Coñece e clasifica corpos xeométricos recoñecendo as formas poligonais de base das figuras.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
2.2. Coñece o desenvolvemento de corpos xeométricos sinxelos aplicándoo na construción de figuras tridimensionais e no deseño de embalaxes.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
3.1. Coñece e aplica métodos e procesos creativos para o deseño de obxectos.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
3.2. Analiza, identifica e aplica valores estéticos e funcionais no deseño.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
3.3. Analiza, identifica e realiza deseños aplicando criterios de sostibilidade e ecoeficiencia.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
4.1. Analiza e executa deseños aplicando composicións modulares ao estudo da organización do plano e do espazo.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
5.1. Representa elementais de	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio

perspectivas isométricas e cabaleira. obxectos de xeito obxectivo utilizando os instrumentos de debuxo e aplicando as normas estandarizadas de representación.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
6.1. Coñece e comprende distintos sistemas de proxección.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
6.2. Visualiza e identifica as proxeccións de formas tridimensionais polas súas vistas principais.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
6.3. Debuxa as vistas principais de volumes frecuentes.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
7.1. Coñece fundamentos para a construción de perspectivas.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
7.2. Realiza volumes elementais de perspectivas isométricas e cabaleira.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
1.1. Recoñece códigos visuais connotativos e denotativos nas representacións do espazo e do territorio.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
1.2. Realiza a lectura obxectiva e subxectiva de imaxes referidas ao espazo e ao territorio, identificando os elementos de significación narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
2.1. Coñece obras e artistas da arte de camiñar, valorándoas como formas artísticas.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

2.2. Interpreta de xeito persoal o espazo e o territorio, analizando a organización do plano e o espazo e gozando da contemplación da paisaxe e de obras de arte deste xénero.	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio/Exposición
3.1. Analiza necesidades de intervención dos espazos.	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio/Exposición
3.2. Crea espazos, efémeros ou non, axustándose a distintas funcións e intencións.	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio/ Exposición
4.1. Coñece e diferencia elementos arquitectónicos.	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
4.2. Valora as achegas tecnolóxicas dixitais na representación e no deseño do espazo.	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora
5.1. Identifica e aplica luces e sombras, recoñecendo as propiedades da luz e os tipos de sombras para crear sensacións espaciais e volumétricas, para destacar relevos e texturas.	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
5.2. Valora a importancia da luz como elemento construtor da imaxe, con valor simbólico e expresivo, e aplicación nas súas creacións.	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
6.1. Utiliza o claroscuro para crear a representación de volumes e de espazos.	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
7.1. Identifica e recoñece a utilización da luz e o volume nos distintos estilos e tendencias na historia da arte, valorando o patrimonio como fonte de aprendizaxe.	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio/Exposición.

1.1. Coñece os fundamentos e os elementos da sintaxe visual e aplicaos cunha intención comunicativa, seleccionando o formato, a orientación e o encadramento máis adecuados.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
1.2. Analiza e aplica regras e esquemas compositivos atendendo aos conceptos de tensión, equilibrio e peso visual.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
2.1. Crea produtos de deseño gráfico e publicitario utilizando distintas técnicas e procesos creativos, valorándoos de modo reflexivo e crítico.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
2.2. Experimenta con distintas técnicas valorando as posibilidades expresivas de cada unha delas.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
3.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen na comunicación visual e audiovisual, recoñecendo os aspectos denotativo e connotativo.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
3.2. Realiza a lectura obxectiva e subxectiva dunha imaxe, distinguindo entre significativa e significado.				
4.1. Comprende e utiliza a metáfora como recurso para deseñar mensaxes visuais, analizando narrativa e imaxe en relación coa mensaxe.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
4.2. Distingue e diseña símbolos e iconas.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
5.1. Distingue diferentes funcións nas mensaxes visuais, analizando estratexias e recursos de xeito crítico.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

5.2. Deseña mensaxes visuais con diferentes funcións, seguindo as distintas fases do proceso creativo de xeito eficaz.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
6.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
6.2. Analiza e elabora elementos comunicativos propios da publicidade, como a identidade corporativa, o uso da tipografía ou Do cartel.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
7.1. Analiza e proxecta produtos publicitarios con actitude crítica e responsable.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
8.1. Coñece obras visuais e audiovisuais de distintos estilos e tendencias situándoas no seu contexto.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
1.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe fotográfica, identificando, clasificando e describindo os seus elementos.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
1.2. Analiza unha imaxe fotográfica mediante unha lectura subxectiva, sacando conclusións e interpretando o seu significado.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
2.1. Crea composicións e obras fotográficas aplicando procesos creativos.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
3.1. Identifica distintos encadramentos, tipos de plano e puntos de vista nunha fotografía.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
3.2. Realiza fotograffas				

aplicando coñecementos técnicos (apertura e velocidade de obturación) e leis compositivas.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
4.1. Distingue a función e as intencións que predominan nas imaxes fotográficas.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
5.1. Crea imaxes referidas á expresión do espazo e á profundidade.				
6.1. Diferencia distintos tipos de proxeccións e elementos da perspectiva.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
6.2. Comprende e aplica o concepto de proxección ao debuxo de volumes sinxelos.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
1.1. Analiza e explora as posibilidades expresivas das narracións visuais para compartir experiencias e ideas.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
2.1. Identifica e analiza diferentes funcións nas imaxes, nas narrativas visuais e nas mensaxes audiovisuais.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
2.2. Analiza de xeito crítico as mensaxes visuais e audiovisuais no seu contexto.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
3.1. Comprende e emprega os diferentes niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
4.1. Identifica diferentes recursos gráficos e utilízalos ao deseñar mensaxes de linguaxes visuais e audiovisuais.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
4.2. Deseña narrativas gráficas utilizando de			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

xeito adecuado viñetas e tarxetas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
4.3. Coñece e aplica recursos técnicos en produtos audiovisuais, utilizando distintos tipos de planos, movementos de cámara e efectos especiais.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
5.1. Coñece e utiliza distintas fases no proceso de creación.				
5.2. Reflexiona e avalía o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
6.1. Diferencia distintos estilos e tendencias nas creacións de mensaxes visuais e audiovisuais.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
6.2. Valora e respecta, gozando da diversidade do patrimonio artístico e cultural.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
7.1. Elabora documentos e crea obras visuais e multimedia empregando ferramentas dixitais de xeito adecuado.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

3º ESO

ESTÁNDARES	1º AV	2º AV	3º AV	Procedementos e instrumentos de avaliación.
EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio/Exposición
--	---	---	---	---

ESTÁNDARES	1º AV	2º AV	3º AV	Procedementos e instrumentos de avaliación.
EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

ESTÁNDARES	1ª AV	2ªAV	3ªAV	Procedementos e instrumentos de avaliación.
compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.				
EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráficoplásticas.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora
EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

ESTÁNDARES	1º AV	2ºAV	3ºAV	Procedementos e instrumentos de avaliación.
EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio/Exposición
EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio/Exposición
EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio/Exposición oral
EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB3.5.1. Constrúe	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora
ESTÁNDARES	1º AV	2º AV	3º AV	Procedementos e instrumentos de avaliación.
correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.				Rúbrica/ Portfolio

EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoídes, segundo os diámetros coñecidos.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio
EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/Portfolio

4º ESO

ESÁNDARES	1º AV	2º AV	3º AV	Procedementos e instrumentos de avaliación.
EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio

EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora

ESÁNDARES	1ª AV	2ª AV	3ª AV	Procedementos e instrumentos de avaliación.
os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficoplásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.				Rúbrica/ Portfolio
EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio/Exposición
EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	X			Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.	X	X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio

EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora
ESÁNDARES	1ª AV	2ª AV	3ªAV	Procedementos e instrumentos de avaliación.
información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.				Rúbrica/ Portfolio
EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora
EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.			X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.		X		Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	X	X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio
EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.		X	X	Observación directa na aula/Caderno da profesora Rúbrica/ Portfolio

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

5.1. Principios metodolóxicos xerais.

A metodoloxía a seguir consite en:

- Explicación de conceptos, ben co uso da palabra e a pizarra, ou facendo uso do canón e algún tipo de recurso TIC: canón con presentacións, vídeo explicativo dalgún tema, etc □ Posta en común, ideas e dúbidas. Opinións.
- Proposta de actividade. Nesta vai implícita un espírito de investigación e busca de material e ideas.
- Traballo en clase. O alumnado poderá solicitar a colaboración, opinión, resolución de dúbidas ou a orientación da profesora en calquera momento do proceso que o necesite.
- Haberá unha data de entrega de traballos que se deberá respectar.
- A profesora corraxirá e cualificará os traballos.
- Os traballos voltarán ás mans do alumnado para que observe, corrixa e pregunte aquelas dúbidas que a corrección ou a cualificación xeren.
- O alumnado poderá repetir o traballo ou tarefa se a cualificación non é positiva.
- Prevense saídas culturais e traballos de investigación a traveso da biblioteca, internet, museos ou da contorna.
- Proporanse actividades que colaboren coa comunidade educativa así como co medio ambiente.
- Ao remate de cada avaliación a profesora poderá realizar un exame teórico-práctico relativo aos coñecementos do trimestre. Dito exame contará na nota da avaliación con un 30% . O portfolio cos traballos do alumno ou alumna, así como as anotacións da profesora relativas ao seguimento personalizado do alumnado, serán contados no restante 60% da nota final de avaliación. O restante 10% terá en conta o coidado do material da aula, do seu propio e do dos/as compañeiros/as, así como se trae á aula a diario o material que se lle pide.

As pautas que guiarán o proceso de ensinanza- aprendizaxe serán:

- Un ambiente comunicativo, favorecendo o contido socio afectivo.
- A creatividade, facilitando a diverxencia de ideas.
- A investigación, aportando estratexias na resolución de problemas, que poderán ser ben intuitivas ben racionais.
- O traballo en grupo, fomentando actitudes. O grupos deberán ser diversos e mixtos, facilitando a aprendizaxe a traveso dos membros que os compoñan.
- Análise práctica da obra de arte, comparando a realidade observada e interpretada, favorecendo a desinhibición e a autoestima.
- Ver e facer, aportando instrumentos para mellorar a capacidade de observación e mellorando a súa capacidade perceptivas mediante xogos e actividades.

5.2. Didáctica de aspectos disciplinares concretos.

- Os traballos para incluír no portfolio deberán:
- Ser entregados en tempo
- Estar ben presentados, limpos, co nome do alumno ou alumna, ou do grupo, de ser un traballo grupal.
- Serán orixinais e feitos na súa meirande parte na aula, durante a clase
- Respetarase o material de traballo propio e alleo, así como o común da aula.
- alumnado deberá respectar o traballo dos seus compañeiros e compañeiras de aula e de outros niveis.
- Deberanse traer os instrumentos e materiais desta área a clase cando a profesora os pida. En todo caso, farase un seguimento do alumnado que se negue reiteradamente a traer material a clase, de ser por problemas económicos, facilitarásellelo.
- O alumnado será observado a diario pola profesora, tanto na súa tarefa como na actitude durante a sesión de clase. Aquel alumnado que presente unha actitude positiva, será valorado positivamente na súa nota final. Neste caso a actitude contará ata un punto positivo na nota da avaliación.
- Sempre se falará co alumno ou alumna que non ten unha actitude positiva na aula para coñecer as razóns e corrixila. De non ser suficiente, comentaráselle á ou ó titora/o para falar co pai/nai ou titor/a.
- O alumnado poderá sentar onde mellor lle pareza, a non ser que a profesora manifeste o contrario.
- Será de especial importancia a puntualidade e aproveitamento da sesión de clase.

5.3. Estratexias metodolóxicas.

No desenvolvemento das tarefas para o portfolio pódense empregar diversas estratexias metodolóxicas:

- Coñecer, antes de comezar, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe do alumnado e os recursos dispoñibles.
- Introducir de xeito xeral o alumno na unidade, anticipando as tarefas previstas e os materiais necesarios para o desenvolvemento desta.
- Realizar exposicións (tanto por parte do profesor coma dos alumnos) utilizando diferentes soportes e incidindo no uso da imaxe e na expresión multimedia (oral, visual e outras).
- Complementar as lecturas coa busca de información e a reflexión tanto individual como en grupo.
- Fomentar a realización de esquemas ou mapas visuais do que se coñece e o que se quere coñecer, así como dos procesos de traballo tanto individuais como por medio de dinámicas grupais.
- Fomentar a exposición e posta en común, tanto na clase como fóra dela.
- Realizar visitas extraescolares ou invitar personaxes de interese á aula.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Necesítase que o alumnado asista a clase con unha serie de materiais imprescindibles para desenvolver destrezas e para expresar a súa creatividade, entre outras moitas razóns:

Compás
Escuadro e cartabón
Regra
Lapis duro e brando
Témperas
Láminas A4
Arxila
Cartóns
Pegamento, etc

Libros de texto:

Neste departamento didáctico determinamos non esixir un libro de texto específico*, sen embargo imos ter como textos de referencia os seguintes:

Educación Plástica Visual e A. 1º ESO Editorial SMXerme

Educación Plástica e Visual e A. II Editorial SMXerme

Educación Plástica e Visual e A. 4º ESO Editorial SMXerme

Os recursos didácticos dos que se dispón dende a aula de plástica son: ordenador, scanner e impresora, internet e pizarra dixital, mesas e taburetes, auga e piletas, pizarra, libros de arte, taboleiro de corcho e armarios...

A profesora disporá de axudas gráficas como fotos, fotocopias, CDs, traballos doutros anos escaneados, e material gráfico diverso: periódicos, revistas... Tamén se procurará reciclar materiais.

* No caso de 3º Bilingüe, usaremos o libro/caderno de actividades da editorial SM para este nivel, en inglés.

6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

6.1. Criterios de avaliación para 1º ESO

- B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.
- B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos **configurativos** e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuras, etc.
- B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas
- B1.5.

Experimentar coas cores primarias e secundarias.

- B1.6. Transcribe texturas táctiles a **texturas** visuais mediante as técnicas de **frottage**, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.
- B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas **gráfico-plásticas** secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.

Bloque 2. Comunicación audiovisual

- B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.
- B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación **significante-significado**: símbolos e iconas.
- B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.
- B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.
- B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación.

Bloque 3. Debuxo técnico

- B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.
- B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.
- B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.
- B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.
- B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.
- B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.
- B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.
- B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.
- B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.
- B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales.
- B3.11. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.
- B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.
- B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).
- B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.
- B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicarlas con propiedade á construción destes.
- B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.
- B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.
- B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.

- B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.

6.2. Criterios de avaliación para 3º ESO

- B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.
- B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.
- B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.
- B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.
- B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.
- B2.1. Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.
- B2.2. Recoñecer as leis visuais da **Gestalt** que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.
- B2.3. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.
- B2.4. Identificar signifiante e significado nun signo visual.
- B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.
- B2.6. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.
- B2.7. Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.
- B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.
- B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.
- B2.10. Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.
- B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.

Bloque 3. Debuxo técnico

- B3.1. Coñecer lugares xeométricos e definilos.
- B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares
- B3.3.

Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.

- B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.
- B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.
- B3.6. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.
- B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.
- B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.
- B3.9. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.
- B3.10. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva **cabaleira** aplicada a volumes elementais.
- B3.11. Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.

6.3. Criterios de avaliación para 4º ESO

- B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.
- B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo
- B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.

- B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.
- B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.

Bloque 2. Debuxo técnico

- B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.
- B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.
- B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.

Bloque 3. Fundamentos do deseño

- B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.
- B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.
- B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

- B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.
- B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades
- B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.
- B4.4. Aposar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.

6.4. Criterios de cualificación e promoción.

Para a cualificación do alumnado a profesora guiarase sobre todo pola súa observación na aula, durante o proceso de traballo e polo portfolio que o alumno ou alumna deberá presentar nas datas establecidas.

A profesora terá proposto actividades de distinto carácter, dependendo do bloque que se estuda e, máis concretamente da unidade a tratar. Tales unidades despréndense directamente dos bloques de contidos configurados para cada nivel.

Baseáronos nos estándares de aprendizaxe que se expoñen na propia Lei de educación LOMCE para esta área: Decreto 86/2015 de 25 de xuño para a proposta de actividades que se incluírán no portfolio persoal do alumnado

Posporanse actividades relacionadas cos estándares, ponderando todas elas de igual xeito para a nota de avaliación, así como para a nota final de xuño.

Será moi importante a actitude, xa que sempre se reflicte na calidade final das actividades do portfolio individual e nos traballos grupais.

A avaliación sempre terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución, tanto en positivo como en negativo.

Con que temporalización se farán probas escritas?

Na materia de E. Plástica Visual e Audiovisual corrixiremos o caderno de debuxo, láminas ou traballos (que formarán parte do portfolio do alumno ou alumna), tras a explicación de cada unidade. Cada actividade será valorada baixo unha rúbrica, que ponderará na nota final. A totalidade das actividades do portfolio serán valoradas cun 70% da nota final de avaliación.

Farase un exame por trimestre que se valorará cun 20 % do total por avaliación. Terase en conta, cunha porcentaxe do 10 % da nota da avaliación, o respecto polo material tanto da aula coma o dos compañeiros e compañeiras, así como o feito de traer o seu propio, e de telo en perfecto estado para o uso en clase.

A recuperación daqueles traballos ou actividades propostas será coa repetición, evitando erros anteriores e/ou coa mellora en propostas posteriores que apliquen conceptos anteriores.

Os traballos presentados deberán acatar unhas normas de presentación mínimas, dependendo, en cada caso do que se esixa en cada un deles (por exemplo: un caxetín, feito a lapis, un traballo a témpera, ou en calquera técnica estudada, ser unha escultura ou obxecto tridimensional de determinadas características, traballo de animación ou vídeo, entre outros...)

No caso de que a nota media non sexa exacta, o profesor redondeará positivamente a nota se o alumno/-a cumprimenta as seguintes condicións:

- Boa presentación dos traballos
- Axeitarse aos contidos explicados polo profesorado
- Entrega en prazo. Respetar os prazos que se acorden entre o alumnado e o profesorado.
- Comportamento axeitado e correcto na aula, cos compañeiros, profesor e material.

As actividades terán unhas dimensións e formato que o alumnado deberá respectar.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Valoraranse positivamente os seguintes aspectos:

- Participación nas clases de xeito correcto
- Respecto polos compañeiros, profesor e material da aula
- Traer o material e entregar os traballos dentro dos prazos acordados.
- Aproveitar as horas de clase para a realización práctica das láminas
- Argumentar de xeito coherente as preguntas ou respostas, imaxes ou traballos que analicemos en clase, así como as explicacións de aula.

Como se recupera unha proba non superada?

Mediante unha proba teórica-práctica. Nalgúns casos cando a nota sexa de 4 puntos tamén se poderán facer realización de traballos prácticos que o profesor determinará no seu momento.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Mediante unha proba teórico-práctica na que o alumnado terá que obter un mínimo de 5 puntos para poder aprobar , nesta proba a puntuación máxima será sobre 10 puntos.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

8.1. Concreción dos indicadores

O Departamento de Debuxo, en todas as súas áreas, polo tanto tamén en canto a Educación Plástica e Visual e Audiovisual, quere corrixir aqueles erros, dificultades ou aspectos que poderían ser mellorables.

Cremos importante facer un seguimento de resultados por avaliación e comentar as dificultades e incidencias, así como debater entre os membros do Departamento cal sería o mellor xeito de mellorar resultados, e tamén a motivación do alumnado, se fora preciso.

Faremos unha valoración- memoria de resultados por trimestre e unha memoria final. Nesta tomaremos anotacións do que nos pareza oportuno resaltar co fin de ser mellorado no vindeiro curso.

Tamén queremos facer unha enquisa entre o alumnado valorando a nosa labor á hora de expoñer os coñecementos, e as propostas levadas a cabo para o entendemento dos distintos bloques de coñecemento da área, as partes que resultaron máis doadas, as que gustaron máis e aquilo que, en opinión do alumno ou alumna, foi máis desagradable ou infrutuoso. A realización desta enquisa será a xuízo da profesora correspondente e nela incluirá, se determina levala a cabo, aqueles datos que crea importantes para a mellora do seu, e tamén do Departamento de Debuxo, labor pedagóxica.

Para a determinación da consecución dos obxectivos da área e niveis:

Ao finalizar a unidade, o profesor terá que cuestionarse

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade no próximo curso? Por que?

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

9.1 Recuperación durante o curso

Se un alumno ou alumna tivera varios exercicios incorrectos, podería presentar de novo, esta vez mellor, aquelas actividades non desenvolvidas correctamente, recuperándoas de este modo.

Como é unha avaliación continua, e a dificultade das actividades increméntase, á vez que se traballa sobre conceptos anteriores, se o alumnado manifesta un esforzo, atención e actitude positivas, e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspenso, podería, tamén, recuperala.

Dende o Dpto. Debuxo, cremos fundamental a actitude do alumnado fronte á área de Educación Plástica e Visual, tendo un gran peso sobre a cualificación final dun alumno ou alumna.

9.2 Reforzo para recuperar as pendentes

Este Departamento Didáctico cre que, se un alumno ou alumna ten pendente esta área, resulta moi difícil avaliar nunha proba gráfica única todo os contidos deste nivel educativo. Por outro lado, tamén é duro para o alumnado enfrontarse a unha soa proba e demostrar que se domina toda a carga conceptual, procedimental e actitudinal deste nivel. Por iso, aparte desta proba anual, queremos facer un seguimento paulatino e controlado dende o Departamento de Debuxo do alumnado con esta área suspenso. Se o alumno ou alumna cursa un nivel superior no que teña Educación Plástica e Visual, será dende alí onde se faga este seguimento personalizado, con actividades individualizadas propostas e valoradas que fagan que recupere a área. Se non ten esta asignatura, seguirase durante os tempos establecidos para tal.

9.3. Alumnado repetidor

Aquel alumnado que repita curso, tendo ou non superada a asignatura de Educación Plástica e Visual, será considerado do mesmo xeito ca calquera outro que estea por vez primeira no curso.

Terase especial consideración, dado que se coñecen as súas particularidades individuais, de ese alumnado que manifestara dificultades físicas ou psicolóxicas, que fixeran especialmente difícil a aprendizaxe. En todo caso estarase en conexión co departamento de orientación e tomaranse as medidas oportunas, colaborando en todo o necesario.

9.4. Probas extraordinarias

Para as probas extraordinarias de Setembro, estableceranse un mínimo de actividades que o alumnado que non teña superado o 5 sobre 10 , terá que presentar a este Departamento Didáctico.

En Setembro, ademais dos traballos, o alumnado realizará unha proba gráfico-plástica. A cualificación será a media de ambas partes: traballos e proba.

Por outro lado, o alumnado que teña pendente esta área e estea en niveis educativos superiores, terá acceso a unha proba extraordinaria en Maio dese curso escolar, cando non teña querido facer o seguimento oportuno para a recuperación

10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL, MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

O alumnado será avaliado ao inicio do curso escolar do seguinte xeito:

Despois da presentación e información dos puntos básicos nos que se baseará a materia nos distintos grupos e niveis, a profesora realizará unha proba xeral de coñecementos, gustos e preferencias ao alumnado.

Neste exercicio, que non se tomará en conta para a posterior cualificación, o alumnado escribirá e debuxará segundo o proposto pola profesora, para, deste xeito, informar sobre o nivel de coñecementos, expectativas e gustos persoais de cada alumno e alumna.

– A finalidade desta proba será adaptar á diversidade do alumnado os contidos da área, sempre respectando a programación xeral do nivel co que se estea traballando.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Á hora de propoñer actividades debemos ter en contas os gustos, procedencia, nivel de aprendizaxe previo ou calquera diversidade que se manifeste na aula. Tamén os teremos en conta no momento da avaliación dos procesos de aprendizaxe, valorándose, sobre todo, o interese, o esforzo e evolución de cada alumno ou alumna a nivel individual.

Incentivaremos, desde este Departamento a integración e a valoración persoal de cada alumno ou alumna no grupo e no centro escolar.

No nivel educativo, 1º de ESO o alumnado procede de diversos centros educativos, non se coñecen todos e, esta, cremos, é un área na que o traballo en equipo, así como a creación dun ambiente ameno e coa posibilidade de entablar conversacións e contrastar opinións, axudará á integración nesta, para eles e elas, nova comunidade educativa.

Por outro lado, xa que hai alumnado procedente doutros países, cremos oportuno buscar actividades que fagan ao resto do grupo buscar información deses lugares dos que proceden, para valorar as súas orixes e coñecer un pouco máis do mundo que nos rodea.

12.- OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS

Desde a aula de debuxo actuaremos de acordo ao plan de convivencia deseñado neste centro educativo, sinalando e acatando as normas de convivencia establecidas en común acordo nas diversas reunións establecidas para tal fin.

En caso de incidencia, actuarase seguindo os procedementos para a situación dada.

Velaremos para que rexa a orde, o entendemento, o diálogo, a comprensión e se respecten os dereitos e deberes do alumnado, tanto nas horas de clase como de lecer, durante o período lectivo.

COMPRESIÓN LECTORA

Cremos importante este proxecto dende todos os ámbitos da vida escolar, tamén dende o Debuxo Artístico. Sabemos que é fundamental saber que nos piden para poder realizado, saber ler e interpretar ideas e saber transmitilas, non só graficamente, senón tamén lendo e escribindo e falando. Tamén pensamos que o alumnado debe ir coñecendo a cultura que envolve o terreo da arquitectura e a tecnoloxía, así como o deseño en todos as súas caras. Para iso queremos que eles e elas investiguen, busquen, sintan curiosidade por coñecer obras de arte, as súas características, os seus valores únicos... Para iso hai que ler e escribir.

O feito de que este centro escolar teña unha revista fai que poidamos ter en proxecto a idea de crear artigos interesantes que lles falen aos demais membros desta comunidade de conceptos como a luz no espazo, dos ambientes, do feísmo, ...

COMUNICACION AUDIOVISUAL

Por suposto, esta área de Educación Plástica Visual e Audiovisual, traballa aspectos diversos da comunicación visual e audiovisual, poñendo énfase no coñecemento do seu funcionamento e na crítica cara os produtos que despreza na sociedade.

Desenvolveremos actividades de carácter teórico-práctico. Para a explicacións e comprensión de aspectos teóricos utilizaremos, en moitos casos información e documentación audiovisual procedente de internet, monográficos en DVD, etc.

Tamén realizaremos tarefas, actividades relacionadas co epígrafe: vídeos e animacións.

O alumnado poderá utilizar internet, información facilitada pola profesora a traveso de google apps, etc para estudar, revisar e cotexar información relativa ás unidades temáticas.

TIC'S

No mundo no que o Debuxo Artístico, como ben é sabido, as TICs supoñen unha ferramenta de traballo de uso diario. Non existe profesional do Debuxo, tanto debuxante de cómic, caricaturista, retratista..., que non use a diario como instrumento de traballo un ordenador cun programa dos variados que existen no mercado.

Por outro lado sabemos que á hora de elaborar traballos de investigación un xeito moi doado é o uso de internet para atopar información variada sobre calquera tema, tamén os que nos atinxen dentro desta área.

Este Departamento vai utilizar as TICs moi frecuentemente, para a elaboración de material de aula co que traballar, como para a proposta de actividades de busca de información. Utilizaremos aquelas páxinas que nos axuden a comprender técnicas, estilos artísticos, etc, en todas as unidades didácticas que compoñen este curso.

EMPRENDEMENTO

Desde este departamento didáctico, animamos ao noso alumnado á toma de decisións, así como á autonomía, autoavaliación na realización das tarefas, actividades e exercicios. Tales valores determinan un carácter persoal de superación e disposición activa, nos que a creatividade e ao emprendemento persoal son valores positivos e metas ás que deberiamos chegar no Bacharelato. As

actividades propostas tratarán de desenvolver o emprendemento e iniciativa persoal, durante os cursos nos que se imparte o Debuxo Artístico, para que, en futuras actividades xa no mundo do traballo, ou en posteriores estudos, presenten ferramentas de traballo.

EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL.

O alumnado de Bacharelato forma parte da sociedade galega, española e europea. No marco desta sociedade, o departamento de debuxo quere desenvolver individuos responsables co medio e educados nos valores cívicos e constitucionais propios.

En cada sesión de clase velarase polo respecto neses valores, non tolerando actitudes contrarias a tales preceptos cívicos e constitucionais.

Así mesmo, cremos fundamental o respecto polo valor patrimonial e artístico, as súas manifestacións e o respecto polo valor do alleo e polo propio.

EDUCACIÓN E SEGURIDADE VIARIA.

Participaremos activamente en actividades relativas á seguridade viaria propostas polo departamento de orientación

IGUALDADE EFECTIVA ENTRE HOMES E MULLERES. PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

No IES Laxeiro levase a traballar dun xeito moi dinámico ente tema. Dende diversos departamentos, incluído este, traballaremos con actividades relativas á igualdade e en loita contra a violencia de xénero.

Celebraremos, durante o curso actividades, actos, conferencias e saídas didácticas con motivo deste elemento transversal, que consideramos fundamental para mellorar neste aspecto social.

Así mesmo queremos sinalar o noso contacto actico departamento de Igualdade do Concello de Lalín

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares deben ser valoradas positivamente polo seu carácter interdisciplinar. O efecto que estas teñen de achegamento da realidade ao/á alumno/a é un marco para a maduración individual, tanto a nivel de comportamento e sociabilidade como polo interese que teñen polo aprendizaxe sobre outras formas de facer e crear e estimulan aos rapaces na súa aprendizaxe.

Reúnense varias propostas coas que traballar:

- Exposicións dos traballos realizados polos alumnos, ao remate dos bloques temáticos.
- Participación en concursos de deseño (carteis, postais etc.) en diferentes épocas do curso.
- Visitas en viaxes concertados con rapaces do centro doutras materias a diferentes lugares polo seu interese patrimonial, arquitectónico ou cultural.
- Proposta de talleres e intercambio con outros colectivos de alumnos/as de outros centros.
- Visitas guiadas e puntuais a galerías e museos de arte de comunidade.
- Participación sobre xuntanzas ou exposicións de artistas Galegos ou de interese sobre a materia.
- Visitas a lugares pretos da comunidade que de interese cultural.
- E, se temos tempo e o consideramos oportuno, participación con outras actividades culturais do centro.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

O departamento de Debuxo vai establecer unha reunión periódica para revisar como se está a aplicar esta programación, que dificultades atopamos, como se adapta aos diferentes grupos, etc. Tamén coordinaremos niveis, tanto en sentido horizontal como vertical.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE DEBUXO

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

Por outro lado analizaremos porcentaxes de aprobados e suspensos, así como as posibles causas do fracaso, de habelo.

Finalmente, ao remate do curso escolar, estudaremos que partes se deron máis completamente e aquelas que quedaron escasas e por que, realizando unha memoria do mesmo, a ter en conta na programación de vindeiros cursos. Proporemos, sempre que sexa necesario, medidas de mellora.

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2020-21

ÁREA.- EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

NIVEL.- . 1º ESO

ÍNDICE

1º Temporalización.....	65
2º Obxectivos desta adaptación.....	65
3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020.....	65
4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado	66
5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.....	66
a) Revisión dos obxectivos de area ou materia.....	67
b) Revisión das competencias clave.....	67
c) Revisión dos contidos	67
6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial.....	67
a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.....	67
b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.....	67
c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.....	68
d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.....	69
e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado69
7º Revisión do desenvolvemento da addenda.....	69

1º Temporalización

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

2º Obxectivos desta adaptación.

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.

- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.

Dos informes individualizados do curso 2019-20 dedúcese que se traballaron a maior parte dos contidos programados a non ser algúns dos relacionados co último bloque de contidos relativos á historia.

Xa que se trata, na súa maioría de alumnado novo no centro, e ao proviren de diversos colexios, desenvolveremos a programación segundo o previsto.

4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias:

- ▶ Pouca destreza no manexo de ferramentas TIC para a presentación de traballos e proxectos.
- ▶ Nivel baixo de desenvolvemento no traballo na aula virtual.

5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.

a)Revisión dos obxectivos de area ou materia

Os obxectivos desta área non se modifican

b)Revisión das competencias clave

As competencias clave non se modifican

c)Revisión dos contidos

Ao non ter constancia das deficiencias, máis ca polo observado na avaliación inicial, comezaremos o desenvolvemento da programación segundo o previsto, observando deficiencias e adaptando o paso da clase ao obsr

6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)

Empregarase a plataforma EDIXGAL en 1º e 2º ESO facilitada pola Consellería e a Aula Virtual e Classroom, permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado.

Empregarase tamén a plataforma EDIXGAL para 1º que permite a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Do alumnado deste nivel , hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro. e a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello

e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Classroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades da aula EDIXGAL, Clasroom ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena..

7º Revisión do desenvolvemento da addenda

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2020-21

ÁREA.- EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

NIVEL.- 3º ESO

ÍNDICE

1º Temporalización.....	70
2º Obxectivos desta adaptación.....	71
3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020.....	72
4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado	72
5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.....	71
a) Revisión dos obxectivos de area ou materia.....	71
b) Revisión das competencias clave.....	72
c) Revisión dos contidos	72
6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial.....	72
a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.....	72
b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.....	72
c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.....	72
d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.....	73
e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado	73
7º Revisión do desenvolvemento da addenda.....	73

1º Temporalización

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

2º Obxectivos desta adaptación.

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.

Dos informes individualizados do curso 2019-20 dedúcese que se traballaron a maior parte dos contidos programados a non ser algúns dos relacionados co último bloque de contidos relativos á historia.

Non haberá que impartir contidos, xa que este grupo non cursou esta área no curso 2019/2020

4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias:

- ▶ Pouca destreza no manexo de ferramentas TIC para a presentación de traballos e proxectos.
- ▶ Nivel baixo de desenvolvemento no traballo na aula virtual.

5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.

a)Revisión dos obxectivos de area ou materia

b)Revisión das competencias clave

As competencias clave non se modifican

c)Revisión dos contidos

Non é preciso.

6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)

Empregarase a Aula Virtual e Classroom, permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado, que permite a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Do alumnado deste nivel , hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro. e a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello

e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Classroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades da Classroom ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena..

7º Revisión do desenvolvemento da addenda

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2020-21

ÁREA.- EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

NIVEL.- 4º ESO

ÍNDICE

1º Temporalización.....	76
2º Obxectivos desta adaptación.....	76
3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020.....	76
4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado	77
5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.....	77
a) Revisión dos obxectivos de area ou materia.....	77
b) Revisión das competencias clave.....	77
c) Revisión dos contidos	77
6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial.....	77
a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.....	78
b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.....	78
c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.....	78
d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.....	78
e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado 78
7º Revisión do desenvolvemento da addenda.....	79

1º Temporalización

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

2º Obxectivos desta adaptación.

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.

Dos informes individualizados do curso 2019-20 dedúcese que se traballaron a maior parte dos contidos programados a non ser algúns dos relacionados co último bloque de contidos relativos á historia.

Unidade 6: Xeometría plana:

Tanxencias entre circunferencias e rectas

Construcción de óvalos

Construcción de espirais

Unidade 7: Sistema diédrico de vistas

Unidade 8: Axonometría. P. Cabaleira, P. Isométrica

4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias:

- ▶ Pouca destreza no manexo de ferramentas TIC para a presentación de traballos e proxectos.
- ▶ Nivel baixo de desenvolvemento no traballo na aula virtual.

5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.

a)Revisión dos obxectivos de area ou materia

Os obxectivos desta área non se modifican

b) Revisión das competencias clave

As competencias clave non se modifican

c)Revisión dos contidos

Traballaranse os contidos do último bloque que quedou sen impartIR integrándoos dentro dos deste curso

6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

a) *Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)*

Empregarase a plataforma Classroom, e/ou a Aula Virtual, permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

b) *Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.*

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado.

c) *Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.*

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

d) *Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.*

Do alumnado deste nivel , hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro. e a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello

e) *Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.*

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Clasroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades de Clasroom ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena..

7º Revisión do desenvolvemento da addenda

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.